Guieiro

«A magnífica humanidade que Deus creou atópase hoxe ante unha elección decisiva: erguer unha nova torre de Babel ou edificar a cidade onde Deus e a humanidade habiten xuntos». Así da comezo a introdución da primeira carta encíclica do papa León XIV: *Magnifica Humanitas*. Unha encíclica sobre a custodia da persoa humana no tempo da Intelixencia Artificial (IA) pois, a humanidade está ante unha nova encrucillada que afecta á mesma convivencia humana.

A Igrexa non pode ser contraria ás novas tecnoloxías. Porén debe estar atenta para non deixar atrás a ninguén, xa que, poderían xerarse novas pobrezas e escravitudes e levar a unha deshumanización. Con este documento valente e realista o papa León dinos que as novas tecnoloxías como a IA non son neutrais, teñen consecuencias. Imponse facer unha boa análise da realidade, tendo en conta que esta encíclica, en liña coa *Rerum Novarum* de León XIII trata da doutrina social da Igrexa.

Queremos animar a quen nos lea, a reflexionar sobre os contidos da encíclica en relación á IA, conscientes de que está a transformar a nosa forma de vida, poñéndonos ante retos e desafíos, ao ser este un fenómeno complexo que ten dimensións sociais, culturais, antropolóxicas, políticas e éticas.

Alfonso Novo Cid-Fuentes propón no seu estudo explorar as implicacións antropolóxicas da IA dende unha perspectiva teolóxica que non eluda a incomodidade do momento presente. Expón como a IA é un espello incómodo que nos obriga a preguntarnos que é o que realmente valoramos no ser humano cando o despoxamos das súas capacidades funcionais.

O papa León alértanos do perigo de que a humanidade sexa vítima das súas propias conquistas, facendo referencia ao transhumanismo e ao posthumanismo. Aí é onde encadra o seu artigo João Manuel Duque, cunha lectura antropoteolóxica da encíclica pois «Deus revélase na humanidade e como humanidade, e a humanidade atopa a súa verdade a través deste Deus revelado». Fai entender como o impacto da técnica, sobre todo da IA, é unha ocasión inédita para repensar o que somos, xa que, hoxe, é case impensable imaxinar a vida cotiá dos seres humanos sen as súas «extensións» ou «próteses» dixitais.

Sonia Olea Ferreras ofrece unha visión xeral da encíclica, entendéndoa como a partitura dun canto á esperanza. A súa mirada céntrase especialmente na pobreza, na exclusión, na desigualdade e na defensa dos dereitos humanos. Tomando como punto de partida a proposta final da encíclica, convídanos, coa mesma fe de María, a converternos en

«tecedoras de esperanza», como chamada ao compromiso e á acción na construción dunha verdadeira civilización do amor.

Patrizia Morgante fala da súa experiencia no eido da comunicación, reflexionando sobre os contidos da encíclica que tratan este asunto en relación á IA. A comunicación como proceso é algo máis complexo que a transmisión de información, datos e feitos. Hai toda unha comunicación non verbal e para-verbal que a nivel dixital é moito máis difícil de xestionar. Teremos que aprender un novo nivel de comunicación: dialogar e conversar coas máquinas.

Os docentes Daniel Fernández López e Noelia García Díaz explican a súa experiencia co Proxecto Nós, cuxo obxectivo é promover a presenza dixital do galego para que a nosa lingua non fique excluída dos novos desenvolvementos das tecnoloxías da información e da comunicación.

O politólogo Serxio María Rodríguez Álvarez fai unha achega sobre a IA e a política na que se pregunta: quen controla o algoritmo? Sabendo que os datos equipáranse a ter poder, a responsabilidade do seu uso continúa a ser humana. Aborda ademais a manipulación da información e apela ao ben común como criterio para a utilización da IA, entre outros temas.

Ramón Cao Martínez fai unha invitación a mergullarnos na obra do autor Simon Leys, pseudónimo de Pierre Ryckmans.

Na súa achega, Alicia Martínez Martínez explica como xurdiron os chamados movementos neopentecostais que apoian a ultradereita e que non teñen nada que ver co protestantismo.

Estamos no Ano Oteriano, é dicir, de Ramón Otero Pedrayo, falecido hai 50 anos. María Pereiro Otero achéganos a esta figura senlleira pola súa transcendencia na construción da Galiza moderna, deixando para o final unha pequena sorpresa tecnolóxica.

Completando este número temos o recordo agradecido de Xaquín Campo Freire a Antón Martínez Aneiros no seu pasamento; un *In Memóriam* de Benito Méndez Fernández sobre Ludmila Javorová, ordenada en segredo diaconisa e presbítera na República checa en 1970. Temos ademais, a sempre pormenorizada e coidada Crónica de Igrexa de Manuel Regal Ledo, unha recensión de Pepa Torres e as fieis ilustracións de Sole Pite.

Este número foi coordinado por Carme Soto Varela e Carme Solloso Blanco.

Carme Solloso Blanco